

A/A do Alcalde- Presidente do Concello de Ourense Gonzalo Pérez Jácome.

Dona Miriam Rodríguez Sierra na condición de Presidenta do **Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia (COTSG)**, corporación de dereito público de carácter representativo do Traballo Social, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins. En defensa dos intereses profesionais da colexiación e na protección dos seus intereses dos/as usuarios/as dos servizos das persoas colexiadas.

En resposta ao desafortunado comentario nas redes sociais, co que menospreza á nosa profesión e á labor diaria das compañeiras que están a exercela no concello. Este colexio non pode máis que lamentar que a figura máis representativa da corporación municipal do Concello de Ourense, mostre este profundo descoñecemento da área dos servizos sociais. Os servizos sociais comunitarios constitúen a primeira instancia para o desenvolvemento do sistema con intervencións de carácter preventivo, e de atención integral a persoas e familias de cara á súa integración social.

En Base a lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia o artigo 60: “ *de conformidade co previsto na presente lei e na lexislación de aplicación sobre o réxime local, ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais comunitarios corresponde aos concellos*”. Así mesmo no Decreto 99/2012 do 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e a súa financiación, establece que debe garantir a proximidade do servizo as persoas e familias, con unha intervención social personalizada no seu entorno.

Queremos recordar que a profesión do **Traballo Social** estivo, está e estará ao carón das persoas, grupos e comunidades paliando as profundas fendas na desigualdade, provocadas polas crises tanto de carácter económico, social ou sanitario.

O Traballo Social está presente nos distintos sistemas do estado de benestar, traballando en equipos multidisciplinares, onde a nosa profesión é imprescindible.

Lamentamos que o alcalde do **Concello de Ourense** descoñeza o esforzo realizado a pesar dos medios a disposición dos profesionais para dar resposta a tan urxentes necesidades.

A realidade do Concello de Ourense é a dunha poboación envellecida, con alta taxa de desemprego. Onde a carga en cuestión de coidados recae sobre todo nas familias, e maioritariamente nas mulleres, que precisan de respostas institucionais áxiles e adecuadas a súa realidade.

Dende o Traballo Social vimos alertando as administracións implicadas a profunda crise que se está a vivir na área de servizos sociais, a consecuencia da falta de planificación, inadecuada xestión e excesiva burocratización.

Dende a nosa profesión reclamamos un **novo modelo de Servizos Sociais**, onde remarcamos a misión do **Traballo Social**, que acompaña a persoas, familias, grupos e comunidades a dinámicas de emancipación, autonomía e transformación social, máis aló da mera tramitación de axudas.

Recordamos a importancia das súas competencias e responsabilidades en materia de **servizos sociais**, e o impacto que ten para a vida das persoas do seu Concello.

En base o anteriormente exposto, demandamos a rectificación inmediata das súas declaracións públicas en relación ao noso colectivo profesional.

En Santiago de Compostela a 2 de outubro de 2023

Miriam Rodríguez Sierra

Presidenta do COTSG